

Resumo do Traballo de Fin de Grao

O proxecto consiste no desenvolvemento dunha aplicación web para a organización de coleccións de cómics tanto para clientes privados coma para empresas. Deste xeito, será posible reducir o tempo dedicado á procura dos cómics e simplificar esta busca en grandes coleccións. Tamén incorporará funcións de interacción entre os diferentes usuarios.

Este proxecto ten como obxectivo facilitar a organización de grandes coleccións de cómics para os clientes. O proxecto levarase a cabo empregando a metodoloxía de desenvolvemento Proceso Unificado en 3 iteracións. A primeira iteración consistirá na xestión de usuarios e cómics. A segunda iteración consistirá na implementación das funcionalidades necesarias para a organización dos cómics. Finalmente, a terceira iteración consistirá na implementación das funcionalidades de interacción entre usuarios.

O proxecto consistirá nunha aplicación web “responsive”. Para o desenvolvemento da aplicación, utilizarase JetBrains Pycharm e Sublime Text. Para levar a cabo probas e implantación usaranse Google Application Engine xunto co navegador Google Chrome (aínda que será probado con diferentes navegadores para verificar que a interface se vexa correctamente). Para levar a cabo a documentación, utilizarase Visual Paradigm e as distintas ferramentas “en liña” de Google.

En canto ás tecnoloxías que se utilizarán:

- Python, HTML, CSS, Javascript e os framework Django e Bootstrap para a montaxe da aplicación.
- Google Datastore Cloud para a creación e uso da base de datos.
- UML para crear os diferentes diagramas.